

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **Artigo 1**

A facultade é o centro encargado da xestión administrativa e da organización universitaria conducente á obtención de títulos académicos que se lle encomendan, así como da difusión da cultura da comunidade na que se integra, para o que debe contar cos medios e coa organización axeitados.

### **Artigo 2**

Son funcións da facultade:

- a) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes.
- b) Expedir as certificacións académicas solicitadas polos estudantes ao centro.
- c) Elaborar as propostas de plans de estudos que conduzan á obtención das diversas titulacións.
- d) Formular aos departamentos as suxestións en materia de aplicación e desenvolvemento dos plans de estudos que conduzan á obtención das diversas titulacións.
- e) Proceder á organización material da docencia e á súa coordinación, supervisión e control de conformidade cos plans de estudos, e daquelas ensinanzas que dean dereito a títulos propios.
- f) Realizar os encargos de docencia aos departamentos de conformidade cos plans de estudos.
- g) Organizar as relacións entre os departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
- h) Aplicar as directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- i) Facilitar os medios materiais existentes no centro para a formación do persoal vinculado a el.
- j) Levar a cabo as actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte o centro.
- k) Administrar os servizos e mais os equipamentos do centro.
- l) Realizar actividades complementarias para a formación permanente, científica e cultural dos membros da comunidade universitaria.
- m) Participar nos procesos de avaliación da calidade e promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica.
- n) Propoñer ao órgano competente a implantación de novas titulacións.
- o) Realizar a xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións poidan levarse a cabo.
- p) Calquera outra que contribúa ao desenvolvemento socioeconómico da sociedade na que se integra.
- q) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e outras disposicións vixentes.

### **Artigo 3**

Son membros da facultade:

- a) Todos os funcionarios/as docentes dos corpos nacionais de catedráticos/as e profesorado titular de universidade e escola universitaria que desenvolvan o seu labor docente no centro.
- b) Todo o persoal docente contratado en réxime laboral: axudantes, profesorado axudante doutor, profesorado colaborador, profesorado contratado doutor, profesorado asociado, profesorado visitante, profesorado emérito e outras categorías que se establezan con carácter xeral.
- c) Todo o persoal investigador contratado seleccionado mediante convocatoria pública, que colabore en tarefas docentes.
- d) Todos os bolseiros/as de investigación que colaboren en tarefas docentes.
- e) Todo o alumnado matriculado no centro.
- f) O persoal de administración e servizos asignado ao centro.

- g) Calquera outro que figure como tal nos Estatutos vixentes da Universidade de Vigo, ou nos regulamentos que os desenvolvan.

#### **Artigo 4**

A facultade rexerese polo presente regulamento para o cumprimento das funcións que ten atribuídas pola Lei orgánica de universidades, a súa lexislación de desenvolvemento e os Estatutos da Universidade de Vigo, polo que este regulamento debe ser interpretado no marco dos citados estatutos e outra lexislación sobre ensino universitario.

#### **Artigo 5**

Para todas aquelas cuestións non previstas neste regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin na lexislación sobre ensino universitario, rexerese segundo o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **TÍTULO I. Órganos de goberno**

#### **Artigo 6**

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Ciencias de Ourense son os seguintes:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) As xuntas de titulación.
- c) O decano/a.
- d) O vicedecano/a ou vicedecanos/as.
- e) O secretario/a.
- f) Os coordinadores/as de área.

### **CAPÍTULO I. Órganos colexiados**

#### **Artigo 7**

Os órganos colexiados da Facultade de Ciencias de Ourense son:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) As xuntas de titulación.

#### *SECCIÓN I. A Xunta de Facultade*

#### **Artigo 8**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro. Está composta polo decano/a, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros:

- a) Equipo decanal.
- b) Todo o profesorado funcionario, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade.
- c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta de Facultade. O 80% corresponderá a persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
- d) Unha representación dos estudantes, que constituirá o 30% da Xunta de Facultade. Un sexto dos estudantes será representación do terceiro ciclo.
- e) Unha representación do persoal de administración e servizos, que constituirá o 10% da Xunta.

#### **Artigo 9**

Todos os membros elixidos serán por un período de dous anos.

#### **Artigo 10**

As decisións da Xunta de Facultade serán en forma de acordos que poderán ser tomados por asentimento ou por votación. A votación será a man alzada ou secreta a petición de calquera membro da Xunta.

#### **Artigo 11**

A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en Comisión Delegada Permanente, sen prexuízo de que poidan crearse outras comisións delegadas consultivas. A creación destas tomarase a proposta do decano/a, e exercerán as tarefas que a Xunta de Facultade delegue expresamente nelas.

#### **Artigo 12**

O secretario/a da Xunta de Facultade, que será o da facultade, levantará acta de todas as sesións, dará fe da actuación dos órganos de goberno e como tal encoméndaselle a custodia dos libros de actas.

#### **Artigo 13**

As actas transcribíranse no libro de actas, que estará baixo a custodia do secretario/a. O secretario/a dará certificación literal do contido a calquera membro da facultade que o solicite por escrito.

#### **Artigo 14**

O pleno da Xunta de Facultade estará formado por todos os seus membros e reunirse cando sexa convocado polo secretario/a por orde do decano/a.

#### **Artigo 15**

O pleno será de carácter ordinario ou extraordinario. Realizarase con forma ordinaria unha vez ao trimestre e con carácter extraordinario a iniciativa de:

- a) Decano/a.
- b) Cando o solicite polo menos o 25% dos membros da Xunta.
- c) A petición da maioría dos membros da Comisión Permanente.

#### **Artigo 16**

A convocatoria ordinaria farase cunha antelación de dous días hábiles como mínimo. A convocatoria extraordinaria deberá notificarse á maior brevidade posible (como mínimo con 24 horas) e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes, se é pedida polos membros do pleno ou da Comisión Permanente.

#### **Artigo 17**

A convocatoria debe incluír o día, lugar, hora e orde do día da sesión e debe axustarse ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 18**

O equipo decanal elaborará a orde do día de cada sesión. O decano/a estará obrigado a incluír na orde do día da seguinte reunión do pleno calquera asunto cuxa inclusión sexa solicitada por escrito, por, polo menos o 10% dos seus membros. Na solicitude deberá incluírse a relación de asuntos que se van tratar, que deberán ser o suficientemente explícitos e concretos para que se coñeza con exactitude o seu contido.

#### **Artigo 19**

A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e, en segunda convocatoria, que se celebrará trinta minutos despois, cando asista polo menos unha quinta parte dos seus membros. De non

conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, procederase a unha nova convocatoria do pleno corenta e oito horas despois.

### **Artigo 20**

As sesións do pleno poderán desenvolverse nunha ou máis reunións. Enténdese por sesión o período de tempo necesario para esgotar a orde do día. Denomínase reunión o período de mañá ou tarde no que teña lugar parte da sesión.

### **Artigo 21**

O pleno será presidido polo decano/a ou, na súa ausencia, por un dos vicedecanos/as; que estará asistido polo equipo decanal e será o responsable de ordenar e dirixir os debates.

### **Artigo 22**

Son funcións da Xunta de Facultade:

- a) Elixir e, no seu caso, revogar o decano/a.
- b) Elaborar e aprobar o Regulamento de réxime interno e, no seu caso, modificalo.
- c) Aprobar a xestión do decano/a ou, no seu caso, apartalo do cargo mediante moción de censura que deberá acadar maioría absoluta dos membros da mesma.
- d) Formular as necesidades económicas, elaborar e aprobar a distribución da asignación orzamentaria do centro.
- e) Establecer os obxectivos educativos das titulacións ao seu cargo, propoñer os plans de estudo, e elaborar e aprobar as propostas dos correspondentes plans de estudo.
- f) Formular os pedimentos do persoal necesario para levar a cabo a administración e os servizos do centro.
- g) Realizar anualmente o encargo de docencia aos departamentos.
- h) Resolver os conflitos que se poidan producir no seo do centro.
- i) Organizar os servizos do centro.
- j) Promover e ordenar a realización de proxectos de fin de carreira e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para a obtención de títulos.
- k) Propoñer e aplicar as normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- l) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado ao horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como habilitar medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- m) Coordinarse con outros centros para a elaboración por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu currículo.
- n) Aprobar anualmente os programas de cada materia presentados polos departamentos respectivos.
- o) Crear cantas comisións se estimen pertinentes, a proposta do decano/a, e, no seu caso, fixar os asuntos que poidan ser delegados nelas.
- p) Conceder, a proposta dunha área de coñecemento, a honra de Membro Honorario do seu Claustro de Profesores/as.
- q) Conceder, de acordo co regulamento específico, a Medalla de Ouro da Facultade.
- r) Distribuír os espazos que lle sexan asignados.
- s) Todas as que se lle atribúan expresamente por este regulamento ou polos Estatutos da Universidade, ou a normativa que os desenvolvan.

## *SECCIÓN II. As xuntas de titulación*

### **Artigo 23**

As xuntas de titulación son os órganos colexiados que se encargan de propoñer, para a súa aprobación, as propostas de plan de estudo das titulacións.

### **Artigo 24**

As xuntas de titulación estarán compostas de xeito análogo en proporcións á Xunta de Facultade.

### **Artigo 25**

A Xunta de Titulación actuará en pleno ou a través dunha comisión delegada con composición e funcións que fixará o pleno da Xunta de Facultade.

## **CAPÍTULO II. Órganos unipersoais**

### **Artigo 26**

Son órganos unipersoais de goberno da Facultade de Ciencias de Ourense:

- a) Decano/a.
- b) Vicedecano/a ou vicedecanos/a.
- c) Secretario/a.
- d) Coordinadores/as de área.

#### *SECCIÓN I. O decano/a*

### **Artigo 27**

O decano/a da facultade, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión da facultade, e ten as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da facultade.
- b) Propoñer, para o seu nomeamento polo reitor/a da Universidade, os vicedecanos/as e o secretario/a.
- c) Nomear os coordinadores/as de área.
- d) Convocar a Xunta de Facultade.
- e) Executar os acordos da Xunta de facultade.
- f) Propoñer a creación de tantas comisións delegadas da Xunta de Facultade como estime oportuno.
- g) Supervisar o funcionamento dos servizos da facultade.
- h) Dirixir a xestión ordinaria da facultade.
- i) Propoñer, oída a Xunta de Facultade, a iniciación de informe previo por parte do reitor/a a calquera dos membros da facultade.
- j) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e das titorías.
- k) Todas aquelas que lle atribúa expresamente este regulamento ou Estatutos da Universidade, ou a normativa que os desenvolvan.

### **Artigo 28**

1. O decano/a representa a facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes.
2. O decano/a será elixido pola Xunta de Facultade e nomeado polo reitor/a, de entre o profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos ao centro, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
3. O decano/a cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade.

#### *SECCIÓN II. O vicedecano/a ou vicedecanos/as*

### **Artigo 29**

1. O vicedecano/a ou vicedecanos/as actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o decano/a.
2. O decano/a designará de entre todos os membros da facultade o vicedecano/a ou vicedecanos/as, que serán nomeados polo reitor/a.
3. O decano/a designará a orde de substitución no caso de que existan varios vicedecanos/as.

#### *SECCIÓN III. O secretario/a*

### **Artigo 30**

O decano/a designará un secretario/a de entre os profesores/as e persoal de administración e servizos da facultade, que será nomeado polo reitor/a. O secretario/a é quen dá fe das actuacións dos órganos de goberno, e como tal ten encomendada a custodia dos libros de actas dos mesmos.

#### *SECCIÓN IV. Os coordinadores/as de área*

##### **Artigo 31**

1. O decano/a designará os coordinadores de área que estime oportunos, entre os membros da facultade, para asistir na xestión ordinaria ou extraordinaria da facultade.
2. O nomeamento dos coordinadores de área non terá repercusión a efectos económicos ou docentes.
3. O decano/a informará a Xunta de Facultade dos nomeamentos.

#### *SECCIÓN V. Elección de decano/a*

##### **Artigo 32**

De conformidade co disposto nos artigos 50, 51, 52, 55, 56 e 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo, a presente normativa regulará a elección de decano/a da Facultade de Ciencias.

##### **Artigo 33**

Concluído o mandato electoral do decano/a ou producido o seu cesamento por pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral correspondente, para o cal o reitor/a:

- a) Confirmará o decano/a, en funcións, ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido.
- b) Autorizará o decano/a en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de quince días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais do centro.

##### **Artigo 34**

Serán elixibles os profesores/as doutores dos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo e pertencentes á Xunta de Facultade.

##### **Artigo 35**

Os elixibles obterán a condición de candidatos/as mediante a presentación no rexistro do centro da correspondente solicitude, onde, ademais dos seus datos persoais, sinalarán as persoas que ocuparán os cargos de vicedecanos/as e de secretario/a.

##### **Artigo 36**

A Xunta Electoral fará a proclamación de candidatos/as e resolverá todas as cuestións que se deriven do proceso electoral.

##### **Artigo 37**

A Xunta Electoral do centro estará integrada por:

- a) O decano/a, que a preside.
- b) O secretario/a do centro, que actuará como secretario/a desta.
- c) Un membro do PDI, do PAS e un estudante designados por sorteo público, así como os seus suplentes.

##### **Artigo 38**

No caso de que o decano/a en funcións sexa candidato/a, cesará na súa condición de presidente/a da Xunta Electoral e será substituído polo profesor/a máis antigo segundo prelación de corpos.

### **Artigo 39**

A convocatoria de eleccións será feita pública, previa autorización, polo decano/a en funcións.

A convocatoria de eleccións conterà:

- a) Constitución da Xunta Electoral.
- b) Exposición de censos provisionais.
- c) Prazo de reclamacións aos censos provisionais.
- d) Exposición de censos definitivos.
- e) Prazo de presentación de candidaturas.
- f) Data de proclamación provisional de candidatos/as.
- g) Prazo de presentación de reclamacións.
- h) Data de proclamación definitiva de candidatos/as.
- i) Data de votación.

A convocatoria farase pública no taboleiro electoral do centro.

### **Artigo 40**

As candidaturas dirixiranse ao presidente/a da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles.

No día seguinte á finalización do prazo, ao que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos/as contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles, que serán resoltas no día hábil seguinte, coa publicación da relación definitiva de candidatos/as.

### **Artigo 41**

A Xunta de Centro reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, e será presidida polo decano/a en funcións, quen outorgará un espazo de quince minutos a cada un dos candidatos/as para que expoñan o seu programa e deseguido, noutros quince minutos respondan ás preguntas que se lles formulen. En caso de que o decano/a sexa candidato/a, a xunta de centro será presidida polo profesor/a máis antigo segundo prelación de corpos. Rematadas as intervencións procederase á votación, que será nominal e secreta.

### **Artigo 42**

Rematado o escrutinio, resultará elixido aquel dos candidatos/as que obteña a maioría absoluta dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada a devandita maioría, celebrarase unha segunda votación na que resultará elixido aquel dos candidatos/as que obteña maior número de votos. No suposto de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos/as, será elixido o máis antigo segundo prelación de corpos. Se hai un único candidato/a, este ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.

### **Artigo 43**

Finalizada a votación, o secretario/a do centro levantará a correspondente acta, na que se recollerán todas as incidencias e o resultado do escrutinio, resultado que o presidente/a da sesión elevará ao reitor/a para que se dite a resolución de nomeamento correspondente.

## *SECCIÓN V. Moción de censura*

### **Artigo 44**

A moción de censura deberá ser entregada, por escrito, na secretaría da facultade. Terá que estar avalada por un mínimo do 25% dos membros da Xunta de Facultade e deberá conter o nome dun candidato/a alternativo ao decano/a xunto co seu equipo. O decano/a estará

obrigado a convocar unha reunión extraordinaria do pleno, con este único punto na orde do día, dentro dos seguintes quince días hábiles á recepción da moción no rexistro da facultade.

#### **Artigo 45**

Na sesión do pleno dedicada á moción de censura daráselle a palabra durante un máximo de sesenta minutos ao candidato/a alternativo, que poderá responder ás preguntas e observacións que se lle formulen. Deseguido procederase de igual forma co decano/a e, tras a súa intervención e a correspondente discusión, procederase á votación, que será nominal e secreta.

#### **Artigo 46**

A moción de censura será aprobada se obtén os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. En tal caso, o decano/a comunicarllo ao reitor/a ao seguinte día hábil para que se proceda ao nomeamento do novo decano/a, seguindo en funcións o decano/a censurado ata a toma de posesión do novo decano/a.

#### **Artigo 47**

Se a moción de censura é rexeitada ao non obter a maioría absoluta, ningún dos seus asinantes poderá subscribir outra durante ese curso académico.

#### **Artigo 48**

O vicedecano/a ou vicedecanos/as e o secretario/a cesarán no seu cargo a petición propia ou por decisión do reitor/a a proposta do decano/a.

### **TÍTULO II. Comisións delegadas**

#### **Artigo 49**

A Comisión Delegada da Xunta de Facultade é a Comisión Permanente que terá a misión de estudo, asesoramento e proposta de solucións en temas concretos.

#### **Artigo 50**

A Xunta de Facultade, a proposta do decano/a, poderá crear outras comisións co obxecto de tratar temas específicos. A súa finalidade, composición e normas de funcionamento determinaranse no momento da súa creación.

### **CAPÍTULO I. Comisión Permanente**

#### **Artigo 51**

A Comisión Permanente estará composta por:

- a) O decano/a, que preside e convoca.
- b) O vicedecano/a ou vicedecanos/as.
- c) O secretario/a.
- d) Os coordinadores/as de área (con voz pero sen voto).
- e) Seis profesores/as numerarios.
- f) Dous profesores/as non numerarios.
- g) Tres alumnos/as de primeiro e segundo ciclo.
- h) Un alumno/a de terceiro ciclo.
- i) Dous PAS.

#### **Artigo 52**

As competencias da Comisión Permanente son: estudar, asesorar e propoñer solucións en asuntos de trámite, en asuntos que lle sexan delegados polo pleno e en asuntos que lle sexan presentados polo decano/a á súa consideración. En particular:

- a) Propoñer á Xunta de Facultade o calendario de exames ordinarios e extraordinarios.



- b) Aprobar as resolucións de traslados e convocatorias de graza, aplicando as normas establecidas para iso polo pleno.
- c) Coordinar as actividades docentes, tales como:
  - a. Revisar o Plan de organización docente.
  - b. Propoñer novos mecanismos para o control de alumnos/as.
  - c. Establecer as canles de comunicación entre os profesores/as dun mesmo curso, ciclo ou licenciatura, para a planificación e desenvolvemento dos mesmos.
  - d. Propoñer á Xunta de Facultade todos aqueles mecanismos e medidas que ela considere, conducentes a unha avaliación obxectiva da docencia, tanto nos métodos pedagóxicos coma nos contidos.
- d) Actuar como comisión de arbitraje para dirimir as diferenzas académicas entre alumnos/as e profesores/as a petición de calquera deles.
- e) Tramitar ao departamento correspondente as solicitudes de revisión de cualificacións de exames feitas polos estudantes cando non haxa acordo previo entre o profesor/a da materia e o alumno/a.
- f) Velar por que os contidos teóricos e prácticos das diferentes materias impartidas na facultade se axusten ao disposto nos plans de estudo vixentes.
- g) Aprobar os cursos de formación, de Extensión Universitaria, e posgraos.
- h) Recibir as solicitudes de validación parcial de estudos, e facer os informes pertinentes para a súa aprobación na Xunta de Goberno, tras o informe da Xunta de Facultade. As solicitudes de validación resolveranse segundo o que marque a legalidade vixente.
- i) Elaborar o anteproxecto e propoñer fórmulas para o reparto do orzamento de gastos xerais, para a súa discusión e aprobación, no seu caso, pola Xunta de Facultade.
- j) Coordinar e potenciar todo tipo de actividades relacionadas coa cultura, o deporte e o lecer destinadas ao aproveitamento do colectivo universitario e da sociedade da que procede.
- k) Calquera outra función que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na comisión.

### **TÍTULO III. Reforma do regulamento**

#### **Artigo 53**

A iniciativa para a reforma do regulamento deberá ser subscrita por un mínimo do 25% dos membros da facultade. Deberá conter o texto articulado que se propoña introducir e a motivación en que se fundamente.

#### **Artigo 54**

A proposta será sometida a unha votación de toma en consideración pola Xunta de Facultade, que decidirá por maioría absoluta.

Se a proposta é tomada en consideración abrírase un prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas, que serán discutidas e votadas en Xunta de Facultade, realizándose ao final unha votación conxunta da proposta definitiva que requirirá para ser aprobada a maioría absoluta.

Se a proposta é rexeitada, non poderá volver presentarse no prazo dun ano.

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo órgano competente da Universidade de Vigo de acordo coa lexislación vixente.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1**

A Facultade de Ciencias de Ourense acorda rexerse provisionalmente por este Regulamento de réxime interno tras a súa aprobación pola Xunta de Facultade e ata a súa ratificación definitiva polo órgano competente da Universidade de Vigo de acordo coa lexislación vixente.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA 2**

A Xunta de Facultade de Ciencias delega no decano/a da facultade as modificacións técnicas que emanen da adaptación deste Regulamento de réxime interno a calquera normativa de

carácter xeral ou específico que desenvolva os Estatutos da Universidade de Vigo e que entre en contradición con algún dos artigos deste regulamento, informándose dos mesmos na seguinte Xunta de Facultade ordinaria ou extraordinaria.